

**Proceso para a adquisición da condición de
persoal funcionario de carreira da agrupación
profesional de persoal funcionario do persoal
laboral fixo de diversas categorías e postos
pertencentes ao Grupo V, do V convenio colectivo
do persoal laboral da Xunta de Galicia, mediante
o seu cambio de vínculo xurídico.**

Proba tipo test

MODELO A

NON abra o exame ata que se lle indique

1. Segundo o disposto no artigo 2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, o sector público institucional intégrase por:

- a) Calquera organismo público e entidade de dereito público vinculado ou dependente das administracións públicas.
- b) A Administración xeral do Estado.
- c) As administracións das comunidades autónomas.

2. Segundo o disposto no artigo 2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, non teñen a consideración de administracións públicas:

- a) A Administración xeral do Estado.
- b) As entidades que integran a Administración local.
- c) As corporacións de dereito público.

3. Segundo o disposto no artigo 4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, considéranse interesados no procedemento administrativo:

- a) Os que, sen iniciaren o procedemento, carezan de dereitos que poidan resultar afectados pola decisión que neste se adopte.
- b) Aqueles cuxos intereses lexítimos, individuais ou colectivos, poidan resultar afectados pola resolución e se presenten no procedemento unha vez que recaia resolución definitiva.
- c) Os que o promovan como titulares de dereitos ou intereses lexítimos individuais ou colectivos.

4. Segundo o disposto no artigo 5 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, deberase acreditar a representación:

- a) Para interpor recursos.
- b) En todo caso.
- c) Só para os actos e xestións de mero trámite.

5. A falta ou insuficiente acreditación da representación non impedirá que se teña por realizado o acto de que se trate, sempre que se achegue aquela ou se emende o defecto dentro do prazo de (artigo 5 da LPAC):

- a) Cinco días ou dun prazo inferior cando as circunstancias do caso así o requiran.
- b) Dez días ou dun prazo superior cando as circunstancias do caso así o requiran.
- c) Sete días ou dun prazo inferior cando as circunstancias do caso así o requiran.

6. De conformidade co artigo 6 da Lei 39/2015, serán interoperables cos rexistros electrónicos xerais e particulares de apoderamentos (sinale a resposta incorrecta):

- a) Os rexistros mercantís.
- b) Os rexistros civís
- c) Os rexistros da propiedade.

7. Segundo o disposto no artigo 6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os poderes inscritos no rexistro electrónico de apoderamentos terán unha validez determinada máxima computable desde a data de inscrición:

- a) De cinco anos.
- b) De dez anos.
- c) Será valorada a súa validez en cada suposto concreto.

8. De conformidade co artigo 7 da Lei 39/2015, cando nunha solicitude, escrito ou comunicación figuren varios interesados, as actuacións a que dean lugar efectuaranse:

- a) Co representante ou co interesado que expresamente sinalasen e, na súa falta, co que figure en primeiro termo.
- b) Co interesado que figure en primeiro termo e, na súa falta, co representante ou co interesado que expresamente sinalasen.
- c) Con todos eles, indistintamente e, na súa falta, co representante do interesado que expresamente sinalasen.

9. Comunicaráselles a tramitación dun procedemento ás persoas que sexan titulares de dereitos ou intereses lexítimos e directos cuxa identificación resulte do expediente e que poidan resultar afectados pola resolución que se dite (artigo 8 da LPAC):

- a) En calquera momento anterior ao trámite de audiencia.
- b) Durante a instrución dun procedemento que non tivese publicidade.
- c) Durante a tramitación de calquera clase de procedemento.

10. O artigo 9 da Lei 39/2015 establece que as administracións públicas están obrigadas a verificar a identidade dos interesados no procedemento administrativo, mediante a comprobación do seu nome e apelidos ou denominación ou razón social, segundo corresponda, que consten en:

- a) O rexistro civil.
- b) Os arquivos electrónicos da Administración.
- c) O documento nacional de identidade ou documento identificativo equivalente.

11. Segundo o disposto no artigo 11 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, con carácter xeral, para realizar calquera actuación prevista no procedemento administrativo:

- a) Requirirase aos interesados o uso obrigatorio de sinatura electrónica.
- b) Requirirase aos interesados o uso obrigatorio de sinatura ou selo electrónico.
- c) Será suficiente con que os interesados acrediten previamente a súa identidade a través de calquera dos medios de identificación previstos na devandita lei.

12. Os documentos electrónicos deberán conservarse nun formato que permita garantir a autenticidade, integridade e conservación do documento, así como a súa consulta, con independencia do tempo transcorrido desde a súa emisión. A eliminación dos devanditos documentos (artigo 17 da LPAC):

- a) Deberá ser autorizada de acordo co disposto na normativa aplicable.
- b) Deberá ser comunicada de acordo co disposto na normativa aplicable.
- c) Deberá ser xustificada de acordo co disposto na normativa aplicable.

13. Segundo o disposto no artigo 19 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a comparecencia das persoas ante as oficinas públicas, xa sexa presencialmente ou por medios electrónicos, só será obrigatoria:

- a) Cando así o acorde o órgano instrutor do procedemento.
- b) Cando así estea previsto nunha norma con rango de lei.
- c) Cando así estea previsto nun regulamento.

14. Segundo o disposto no artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, o prazo máximo no que debe notificarse a resolución expresa:

- a) Será de catro meses.
- b) Será de dous meses.
- c) Será fixado pola norma reguladora do correspondente procedemento.

15. Segundo o artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a Administración está obrigada a ditar resolución expresa en todos os procedementos e a notificala calquera que sexa a súa forma de iniciación. Cando as normas reguladoras dos procedementos non fixen o prazo máximo para recibir a devandita notificación, esta será de:

- a) Un ano.
- b) Seis meses.
- c) Tres meses.

16. Excepcionalmente, cando se esgoten os medios persoais e materiais dispoñibles, o órgano competente para resolver poderá acordar de maneira motivada a ampliación do prazo máximo de resolución e notificación, sen que poida ser este con carácter xeral (artigo 23 da LPAC):

- a) Superior ao establecido para a tramitación do procedemento.
- b) Superior a tres meses.
- c) Superior a seis meses.

17. Segundo o artigo 25 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, nos procedementos iniciados de oficio nos que a Administración exercite potestades sancionadoras, o vencemento do prazo máximo establecido sen que se ditase e notificase resolución expresa:

- a) Producirá a desestimación por silencio administrativo.
- b) Producirá a caducidade.
- c) Producirá a prescrición.

18. Segundo o disposto no artigo 30 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, sempre que por lei ou no dereito da Unión Europea non se exprese outro cómputo, cando os prazos se sinalen por días, enténdese que estes son:

- a) Hábiles, e exclúense do cómputo só os domingos e os declarados festivos.
- b) Hábiles, e exclúense do cómputo os sábados, os domingos e os declarados festivos.
- c) Naturais.

19. Conforme ao disposto no artigo 2 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, a potestade que faculta a Comunidade Autónoma de Galicia para estruturar, establecer o réxime xurídico e dirixir e fixar os obxectivos da función pública galega denomínase:

- a) Potestade de programación.
- b) Potestade regulamentaria.
- c) Potestade de autoorganización.

20. Conforme ao disposto no artigo 4 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, esta lei aplícase ao persoal funcionario e, no que proceda, ao persoal laboral ao servizo da seguinte Administración pública:

- a) A Administración xeral do Estado.
- b) A Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.
- c) A Administración corporativa.

21. Segundo o recollido no artigo 5 da Lei 2/2015, do 29 de abril, de emprego público de Galicia, pódense ditar normas singulares para adecuar esta lei ás peculiaridades:

- a) Do persoal investigador.
- b) Do persoal docente dependente da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, agás as materias recollidas no dito artigo.
- c) Do persoal docente dependente da Administración especial da Comunidade Autónoma de Galicia e do persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, agás as materias recollidas no dito artigo.

22. Conforme ao disposto no artigo 7 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, o persoal funcionario ao servizo das entidades locais galegas réxese por:

- a) A lexislación básica estatal que lle resulte de aplicación e pola Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, coas especialidades reguladas no seu título X.
- b) A lexislación xeral de forzas e corpos de seguridade e pola súa lexislación específica.
- c) A lexislación orgánica de universidades e as súas disposicións de desenvolvemento.

23. De acordo co establecido no artigo 11 da Lei 2/2015, de 29 abril, do emprego público de Galicia, o persoal que presta servizos no Consello Consultivo de Galicia:

- a) Réxese pola normativa reguladora deste órgano e pola presente lei supletoriamente.
- b) Réxese pola presente lei, excepto no relativo ás retribucións complementarias e outras materias.
- c) Non se rexe pola presente lei en ningún caso.

24. Conforme ao disposto no artigo 21 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, as persoas que, en virtude de nomeamento legal, están vinculadas á Administración pública por unha relación estatutaria regulada polo dereito administrativo para o desempeño de servizos profesionais retribuídos de carácter permanente denomínanse:

- a) Persoal funcionario de carreira.
- b) Persoal eventual.
- c) Persoal laboral.

25. Conforme ao disposto no artigo 22 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, os postos que teñan atribuídas funcións que impliquen o exercicio de autoridade, fe pública ou asesoramento legal estarán reservados nas relacións de postos de traballo ao:

- a) Persoal eventual.
- b) Persoal funcionario.
- c) Persoal laboral.

26. Conforme ao disposto no artigo 23 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, o persoal funcionario interino que se nomee en función dun exceso ou acumulación de tarefas, de carácter excepcional e circunstancial, poderá selo por un prazo máximo de:

- a) Seis anos dentro dun período de doce anos.
- b) Dous meses dentro dun período dun ano.
- c) Nove meses dentro dun período de dezaioito meses.

27. Conforme ao disposto no artigo 24 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, a selección do persoal funcionario interino realizarase mediante procedementos áxiles que respectarán, en todo caso, os principios de:

- a) Igualdade, mérito, capacidade, publicidade e celeridade.
- b) Servizo á cidadanía e aos intereses xerais.
- c) Avaliación e responsabilidade na xestión.

28. Conforme ao disposto no artigo 24 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, o cesamento do persoal funcionario interino producirase por:

- a) Cumprimento dos requisitos esixidos para o desempeño do posto.
- b) Cesamento da autoridade que efectuou o nomeamento.
- c) Amortización do posto que ocupe.

29. De acordo co establecido no artigo 25 da Lei 2/2015, de 29 abril, do emprego público de Galicia, a prestación de servizos en réxime interino:

- a) Constitúe mérito preferente para a adquisición da condición de persoal funcionario de carreira.
- b) Non constitúe mérito preferente para a adquisición da condición de persoal funcionario de carreira.

- c) Constitúe mérito preferente para a adquisición da condición de persoal eventual.

30. Conforme ao disposto no artigo 26 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, os postos de natureza non permanente e aqueles cuxas actividades se dirixan a satisfacer necesidades de carácter periódico e discontinuo poden ser desempeñados por:

- a) Persoal eventual.
- b) Persoal laboral.
- c) Son postos reservados necesariamente aos funcionarios de carreira.

31. Conforme ao disposto no artigo 30 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, o cesamento do persoal eventual producirase por:

- a) Libre decisión da autoridade que efectuou o nomeamento.
- b) Amortización do posto que ocupe.
- c) Reincorporación da persoa titular do posto.

32. Conforme ao disposto no artigo 106 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, o persoal funcionario ten dereito á redución da xornada de traballo diaria, coa percepción íntegra das súas retribucións:

- a) Para atender ao coidado dun familiar de terceiro grao de afinidade por razóns de enfermidade moi grave.
- b) Para atender ao coidado dun familiar de segundo grao de consanguinidade por razóns de enfermidade moi grave.
- c) Para atender ao coidado dun familiar de primeiro grao de consanguinidade ou afinidade por razóns de enfermidade moi grave.

33. Conforme ao disposto no artigo 107 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, a realización de todas as funcións dun posto de traballo ou dalgunha delas fóra das dependencias da Administración pública na que está destinado un empregado público, mediante o emprego das novas tecnoloxías, denomínase:

- a) Teletraballo.
- b) Traballo a distancia.
- c) Horario flexible.

34. Conforme ao disposto no artigo 108 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, nos casos de falecemento do cónxuxe, o persoal funcionario ten dereito a un permiso de:

- a) Dous días hábiles se o suceso se produce na mesma localidade e de catro días hábiles se se produce en distinta localidade.
- b) Tres días hábiles se o suceso se produce na mesma localidade e de cinco días hábiles se se produce en distinta localidade.
- c) Seis días hábiles se o suceso se produce na mesma localidade e de doce días hábiles se se produce en distinta localidade.

35. Conforme ao disposto no artigo 109 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, o persoal funcionario ten dereito a un permiso por traslado de domicilio se este ten lugar dentro da mesma localidade:

- a) Dun día natural de duración.
- b) De tres días naturais de duración.
- c) De sete días naturais de duración.

36. Conforme ao disposto no artigo 112 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, por lactación dun fillo menor de doce meses, o persoal funcionario ten dereito a:

- a) Ausentarse do posto de traballo durante unha hora semanal.
- b) Ausentarse do posto de traballo durante unha hora mensual.
- c) Ausentarse do posto de traballo durante unha hora diaria.

37. Conforme ao disposto no artigo 113 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, nos casos de nacemento de fillos prematuros, o persoal funcionario ten dereito a ausentarse do posto de traballo durante un máximo de:

- a) Dúas horas diarias.
- b) Dúas semanas.
- c) Dous meses.

38. Conforme ao disposto no artigo 116 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, nos casos de accidente ou enfermidade moi graves da parella de feito, o persoal funcionario ten dereito a un permiso para atender ao coidado desas persoas cunha duración máxima de:

- a) Non ten dereito a ningún permiso por esta causa.
- b) Noventa días naturais.
- c) Trinta días naturais.

39. Conforme ao disposto no artigo 121 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, nos casos de parto, a nai funcionaria ten dereito a un permiso retribuído de:

- a) Vinte e dúas semanas ininterrompidas.
- b) Dezaseis semanas ininterrompidas.
- c) Trinta días naturais ininterrompidos.

40. De acordo co artigo 2 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, enténdese por acoso toda conduta non desexada relacionada coa discapacidade dunha persoa:

- a) Que teña como obxectivo tratala de maneira menos favorable.
- b) Que teña como obxectivo tratala de maneira menos favorable nunha contorna aparentemente neutral.
- c) Que teña como obxectivo ou consecuencia atentar contra a súa dignidade ou crear unha contorna intimidatoria, hostil, degradante, humillante ou ofensiva.

41. De acordo co artigo 2 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, enténdese por vida independente:

- a) A ausencia de discriminación por motivo ou por razón de discapacidade.
- b) A actividade pola que se proxectan os servizos de tal forma que poidan ser utilizados por todas as persoas.
- c) A situación en que a persoa con discapacidade exerce o poder de decisión sobre a súa propia existencia e participa activamente na vida da súa comunidade, conforme ao dereito ao libre desenvolvemento da personalidade.

42. En base ao artigo 3 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, non son principios desta lei:

- a) A vida independente.
- b) A normalización.

- c) O dereito á educación.

43. De acordo co artigo 19 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, as persoas con discapacidade, na súa etapa educativa, terán dereito:

- a) A unha educación inclusiva e de calidade, que poderá ser gratuíta cando se imparta nos centros especiais.
- b) Á gratuidade do ensino, nos centros ordinarios e nos centros especiais, de acordo co que dispoñen a Constitución e as leis que a desenvolven.
- c) Á gratuidade do ensino nos centros especiais e inclusiva, pero non gratuíta, nos centros ordinarios.

44. De acordo co artigo 26 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, as normas técnicas sobre edificación incluírán previsións relativas ás condicións mínimas que deberán reunir:

- a) Os edificios públicos e as instalacións administrativas para permitir a accesibilidade das persoas con discapacidade.
- b) Os edificios e as vías públicas para permitir a accesibilidade das persoas con discapacidade.
- c) Os edificios de calquera tipo para permitir a accesibilidade das persoas con discapacidade.

45. En base ao o artigo 35 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, as persoas con discapacidade teñen dereito ao traballo:

- a) En condicións que garantan a aplicación dos principios de igualdade de trato e non discriminación.
- b) En condicións que garantan a aplicación dos principios de igualdade de trato e non discriminación directa.
- c) En condicións que garantan a aplicación dos principios de igualdade de trato e non discriminación indirecta.

46. En base ao artigo 3 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, polo que respecta ao emprego, unha diferenza de trato baseada nunha característica relacionada co sexo:

- a) Constitúe sempre unha discriminación.
- b) Non constituirá discriminación cando, debido á natureza das actividades profesionais concretas ou ao contexto no que se leven a cabo, a devandita característica constitúa un requisito profesional esencial e determinante, sempre e cando o seu obxectivo sexa lexítimo e o requisito proporcionado.
- c) Non constituirá unha discriminación, salvo que atente contra a dignidade da persoa, en particular cando se cree un contorno degradante, humillante ou ofensivo.

47. De acordo co artigo 2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, en base ao principio de transparencia:

- a) Toda persoa ten acceso libre e gratuíto á información pública, coas únicas excepcións previstas na lei.
- b) O acceso á información pública é libre cando poida xustificarse un interese directo.

- c) O acceso á información pública é gratuíto cando poida xustificarse un interese directo.

48. En base ao artigo 9 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, atendendo ás obrigas específicas de información de relevancia xurídica, publicaranse:

- a) Os textos das resolucións xudiciais firmes que afecten os intereses da comunidade autónoma.
- b) Os textos das resolucións xudiciais firmes que afecten as ofertas públicas de emprego e os procesos selectivos.
- c) Os textos das resolucións xudiciais firmes que afecten a vixencia ou interpretación das normas ditadas pola Administración pública competente.

49. De conformidade co establecido no artigo 21.1 da Lei 1/2016 do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, en relación á reutilización da información do sector público autonómico:

- a) Promoverase a reutilización, con fins comerciais ou non comerciais.
- b) Promoverase a reutilización, con fins non comerciais unicamente.
- c) Non se reutilizará a información do sector público, salvo que o autorice unha norma con rango de lei.

50. En base ao artigo 27 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no procedemento para a tramitación e a resolución das solicitudes de acceso á información:

- a) Unha vez transcorrido o prazo para resolver sen que se ditase e notificase resolución expresa, entenderase que a solicitude foi estimada.
- b) Unha vez transcorrido o prazo para resolver sen que se ditase e notificase resolución expresa, entenderase que a solicitude foi desestimada.

- c) Unha vez transcorrido o prazo para resolver sen que se ditase e notificase resolución expresa, producirase a caducidade do expediente.

PREGUNTAS DE RESERVA

51. Segundo o disposto no artigo 1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, esta ten por obxecto regular:

- a) Os procedementos administrativos especiais de todas as administracións públicas.
- b) Os requisitos de validez e eficacia dos actos administrativos.
- c) O procedemento tributario da Administración xeral do Estado.

52. Segundo o disposto no artigo 32 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, a Administración, salvo precepto en contrario, poderá conceder de oficio ou a petición dos interesados unha ampliación dos prazos establecidos sempre que non exceda de:

- a) A metade destes, se as circunstancias o aconsellan e con iso non se prexudican dereitos de terceiros.
- b) Un terzo destes, se as circunstancias o aconsellan e con iso non se prexudican dereitos de terceiros.
- c) Non cabe unha ampliación de prazos establecidos.

53. Conforme ao disposto no artigo 3 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, o réxime xurídico do persoal incluído no ámbito de aplicación desta lei non se basea no seguinte principio:

- a) Igualdade, mérito e capacidade no acceso e na promoción profesional.
- b) Subxectividade, profesionalidade e parcialidade no servizo.

- c) Sometemento pleno á lei e ao dereito

54. Conforme ao disposto no artigo 20 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, non é unha clase de empregado público o:

- a) Persoal funcionario de carreira.
- b) Persoal eventual.
- c) Persoal contratado administrativo.

55. En base ao artigo 26 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, para a solicitude de acceso á información:

- a) A persoa solicitante non está obrigada a motivar a súa solicitude.
- b) A persoa solicitante está obrigada a motivar a súa solicitude.
- c) A persoa solicitante está obrigada a motivar a súa solicitude de acceso á información e poderá rexeitarse a súa solicitude cando non cumpra con este requisito.

